

**Resolución do 10 de febreiro, do tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro), pola que se fai público o acordo do Tribunal que convoca á realización do terceiro exercicio do proceso a determinados aspirantes**

En sesión que tivo lugar o 10 de febreiro de 2022 o Tribunal designado pola Resolución do 26 de novembro de 2021 (DOG núm. 231 do 1 de decembro) para cualificar o proceso selectivo unitario para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quendas de acceso libre e concurso, convocado pola Orde do 5 de outubro de 2021 (DOG núm. 204 do 22 de outubro),

#### ACORDOU

Primeiro. Estudadas as alegacións presentadas contra o desenvolvemento das probas físicas, acórdase convocar no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, sito na rúa Padre Fernando Olmedo nº1, 36002, da cidade de Pontevedra o vindeiro domingo 13 de febreiro de 2022 ás 09:00 horas as probas físicas correspondentes ao terceiro exercicio, as seguintes persoas aspirantes:

DNI CIFRADO	APELIDOS	NOME
***5691**	YANES YAÑEZ	ALVARO
***1243**	ABAL PIÑEIRO	ANTIA
***1531**	ACUÑA PEON	EDUARDO
***2132**	ALONSO FIGUEIRAS	DAVID
***9730**	BELLO CANDAMIO	ADRIAN
***2671**	BOTANA LOPEZ	OSCAR
***4831**	CALVIN URIZ	MARIA
***2082**	CALVO BERNARDEZ	PABLO
***0539**	CARLIN RODRIGUEZ	RUBEN
***9247**	CARPINTERO DIEGUEZ	EVA
***0575**	CASTRO ALDREY	CARLOS
***6347**	CASTRO ALVAREZ	ARTURO
***7004**	CASTRO DE LEON	LUIS

Segundo. Ante a situación epidemiolóxica actual derivada do COVID19, co fin de garantir o correcto desenvolvemento deste exercicio, teranse en conta as seguintes normas:

A. Non se permitirá a asistencia de público, nin acompañantes, nin ningunha persoa allea á realización das probas.



B. É obrigatorio o uso de máscaras, e todos/as os/as aspirantes convocados deberán traer as súas propias. Deberá ser das tipo cirúrxica ou FFP2. Poderán quitalas soamente durante a execución das probas físicas.

C. Durante a realización das probas, atenderase a un protocolo específico de prevención do COVID19, e será obrigatorio manter a distancia interpersonal esixida.

D. Non haberá vestiarios dispoñibles, polo que as persoas aspirantes deberán acudir xa vestidas coas prendas deportivas que vaian empregar

E. Deberán traer consigo 4 impermeables, para suxeitar o seu dorsal, que lle será facilitado no momento do chamamento. Non se facilitarán impermeables.

F. O persoal aspirante so poderá portar unha bolsa onde gardar as súas pertenzas, e cuxas medidas en ningún caso poderán ser superiores a 50x35x20cm.

Terceiro. As persoas convocadas deberán obrigatoriamente acudir provistas de:

- Documento Nacional de Identidade.

Cuarto. As persoas aspirantes que non se presenten ás probas, ou non acudan coa documentación relatada con anterioridade, non poderán realizar as probas físicas e decaerán de todos os seus dereitos no proceso selectivo.

Quinto. Os exercicios físicos realizaranse pola orde relacionada nas bases e cada un deles é eliminatorio para realizar o seguinte. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución. No resto, permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto. As repeticións terán lugar unha vez finalizado o primeiro intento de todos os aspirantes, asegurándose que medien en todo caso entre o primeiro e o segundo intento un descanso mínimo de 5 minutos.

Sexto. Este Tribunal acorda para asegurar a maior precisión dos resultados e seguindo o criterio expresado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que:

Na proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos, as marcas máximas (en minutos, segundos e centésimas esixidas) para a superación da proba son:

Homes: 3'30''00'''

Mujeres: 4'10''00'''

Na proba de natación: 25 metros de estilo libre.

As marcas máximas (en minutos, segundos e centésimas) para a superación da proba son:

Homes: 0'24''00'''

Mujeres: 0'28''00'''

Sétimo. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación da persoa aspirante.

En A Estrada, 10 de febreiro de 2022

A Presidenta do Tribunal

María Ramos Canosa

